

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA  
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O MÉRCORES, DÍA 13 DE  
DECEMBRO DE 2017**

---

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do mércores día 13 de decembro de 2017, coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior
- 2) Informe do Director
- 3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira
- 4) Quinquenios docentes de profesores da Escola
- 5) Comisión de estudo e análise estratéxico: funcións e competencias
- 6) Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SEÑORES:**

**PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE**

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Díaz García	Jacobo Manuel
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalos Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Paris López	José

Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Perezán Pardo	Juan Carlos
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Taboada Vázquez	Raquel
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

**RESTANTES CATEGORÍAS PDI**

Couceiro Aguiar	Iván
Naves García-rendueles	Juan
Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María
Rojo López	Gemma

**ESTUDANTES**

Ares Rios	Daniel
De lucio Alonso	Mario
García-Alén Lores	Gonzalo
Pazos Taboada	Damián
Soriano Sutil	Alejandro
Sotelo Domínguez	Luis
Vázquez Varela	Miguel Ángel

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Lafuente Paulos	Marta
Núñez Cartelle	Ana Valvanera
Recarey Buño	María José
Rivas Quelle	Cathaysa
Vázquez González	Julia

**EXCUSAN:**

Barrientos Rodríguez	Víctor
Montenegro Pérez	Luis
Rodríguez Bugarín	Miguel Domingo

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior

As actas enviaranse previamente, recibíronse comentarios dos estudantes sobre a acta do 13/03 e do 16/06. Incorporáanse eses cambios

Apróbanse as actas.

2) Informe do Director

Comeza coas titulacións, remitiuse un documento de planificación do mapa de titulacións de Galicia. Neste documento recóllese a declaración de singularidade do TECIC. No caso da titulación de Enxeñaría de Obras Públicas, a Xunta de Galicia indica que hai un solapamento de títulos e indica que será preciso “elaborar unhas directrices conxuntas entre as tres universidades, a través do Consorcio Interuniversitario de Galicia, para impulsar a colaboración e a potenciación da súa oferta docente”.

Respecto ao Mestrado en enxeñaría aeronáutica, xa se aprobara nesta Xunta de Escola. Nos últimos días, os reitores das universidades da Coruña e Vigo acordaron que este mestrado se impartira de maneira conxunta entre a UDC e a Uvigo.

Continúa informando sobre a posibilidade de implantar na Escola un título de Mestrado en Sustentabilidade en colaboración coas universidades de Magdeburgo e Le Havre. Os profesores Pablo Rodríguez-Vellando e Isabel Martínez reuníronse con el o 19 de outubro para presentarlle o interese que existía por parte de outras universidades e da reitoría na implantación de unha titulación de mestrado en sustentabilidade.

Os profesores informárono do interese desta titulación que xurdira nunha estadía do profesor Pablo Rodríguez-Vellando durante o mes de xuño. Tamén nese mes de xuño, trasladáronlle esta proposta ao reitor e ás vicerreitoras de títulos e internacional, nesa reunión a reitoría recibiu esta proposta con interese e apoiárona. O seguinte contacto foi a principios de outubro nunha reunión entre as tres universidades en Le Havre onde se establece un borrador do máster e do reparto dos cuadrimestres entre as universidades.

O director explica que na reunión que tivo cos profesores lles dixo que levaría este tema á primeira comisión permanente que houbera. A finais de novembro, na seguinte reunión da permanente, incluíuse este tema na orde do día e se decidiu que esta titulación se debería estudar na comisión de análise estratéxico. Considerouse que esta comisión, que está encargada da planificación a medio/largo prazo debe ser a que estudie esta titulación dentro do conxunto de titulacións da Escola.

Respecto ao programa de doutoramento en enxeñaría civil, recibíuse o informe positivo da acreditación. Tamén explica que se renovou a comisión académica do programa de doutoramento.

Enviouse tamén un documento sobre a posibilidade de establecer un dobre título integrado de grao e master. A idea principal é articular un dobre título de maneira parecida aos doubles graos ou doubles masters. A idea é que se articule de maneira que o acceso ao mestrado desde o grao se poida facer de maneira directa, e sen que os estudantes teñan que ter completamente rematado o grao. Esta posibilidade está a ser tratada na CRUE, onde tomaron o documento presentado documento de traballo. Levarán esta cuestión á orde do día da próxima reunión de reitores e despois trasladarano ao ministerio de educación para solicitar de que se aprobe.

Durante o primeiro trimestre do 2018 será a acreditación do MECCP pola ACSUG, tamén se van a facer as acreditacións EURACE da ANECA. Nestes momentos non é posible facer a acreditación EURACE do Máster porque parece que non hai acordo asinado entre ANECA e ACSUG para isto.

Continúa o informe tratando as cuestións de persoal, indica que están en concurso dúas prazas de axudante doutor, que se resolverán nos próximos días. Respecto ao PAS, o único cambio foi que no edificio de área científica incorporouse unha persoa para o turno de tarde.

Tamén se remitiu o estado económico da execución do presuposto do 2017. Na próxima Xunta de Escola se pechará o exercicio.

Conclúe o informe explicando que a Escola recibiu a bandeira verde da iniciativa Green Campus. Felicita a Luis Pena e aos membros do Green Campus por conseguir este distintivo para a Escola.

3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira

O secretario le os premiados en cada unha das titulacións:

- Enxeñaría de Camiños, canais e portos: Noemí González Ferreiro
- Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil: Sabela Varela Vidal
- Grao en Enxeñaría de Obras Públicas: Mario de Lucio Alonso

O director felicita aos premiados.

Intervén o estudante Luis Sotelo para felicitar aos estudantes premiados e indica que tamén haberá un premio ao MECCP segundo a conversa que tivo co reitor.

4) Quinquenios docentes de profesores da Escola

O secretario le os nomes dos profesores que solicitaron a avaliación de quinquenio docente no seu departamento e dos que se solicita informe favorable á Xunta de Escola:

- Departamento de Economía Aplicada

- Alejandro Manuel Vasallo Rapela
- Departamento de Construcción e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas
  - Aitor Baldomir García
  - Santiago Hernández Ibáñez
  - Félix Nieto Mouronte
- Departamento de Matemáticas
  - Ignasi Colominas Ezponda
  - Raquel Taboada Vázquez
- Departamento de Enxeñaría Civil
  - M<sup>a</sup> Belén González Fonteboa
  - Alfonso Orro Arcay
  - Enrique Peña González
  - Jerónimo Puertas Agudo

Adicionalmente o director solicita a delegación para informar positivamente a avaliación de algunha solicitude que puidera quedar pendente.

Consulta o estudante Luis Sotelo sobre se sería convinte que se teñan en conta as enquisas sobre os profesores para decidir se se concede o informe favorable do quinquenio e que debería estudarse para outros anos.

Apróbase.

#### 5) Comisión de estudo e análise estratéxico: funcións e competencias

O Director explica as razóns para a configuración de esta comisión de estratexia. Pasa a explicar as funcións e composición que decidiu a Comisión Permanente.

Intervén a profesora Julia Álvarez, indica que dado que hai pouca presenza de mulleres na comisión. Propón que se estableza que sexa a metade e se faga igualitaria, propón que no sector profesores sexan 4 homes e 3 mulleres e no sector estudantes 2 homes e 2 mulleres. E 1 PAS.

Intervén o profesor Fernando Martínez, indica que parece que se está a frivolar esta cuestión. Destaca que no grupo ao que pertence se busca a paridade en todos os aspectos. Indica que cumprir o regulamento da universidade fai que se teña en conta a cuestión da paridade.

O secretario académico le o regulamento electoral da UDC no seu apartado referido ás medidas para favorecer a presenza de mulleres nos órganos colexiados.

Decídese que o procedemento electoral da comisión sexa o establecido no regulamento electoral da UDC.

O Director explica que na Comisión Permanente se debateu tamén a cuestión da representatividade por áreas. Decidiuse que se debería establecer unha comisión xeral sin sectores.

As funcións e a composición quedan como sigue:

Función: Esta comisión de traballo, de carácter consultivo, terá como obxectivos esenciais o estudo e análise da estratexia académica da Escola, da estratexia de promoción e difusión da Escola e da estratexia de relación co entorno social e profesional.

Composición: A comisión estaría formada por 14 membros: 9 profesores, 4 estudantes e 1 PAS. Son membros natos o director, que preside e o secretario académico que actúa como secretario da comisión. O director poderá invitar a outros membros do equipo directivo, con voz e sen voto, cando o considere convinte.

Apróbase

#### 6) Quenda aberta de palabra

Intervén o profesor Alfonso Orro, dicindo que a proposta dos estudantes con respecto ás enquisas sería interesante que fose estudada. Resposta o director indicando que a análise das enquisas se fai todos os anos desde a comisión de avaliación académica.

Intervén o estudante Luis Sotelo, indicando que en outras universidades se vincula a aprobación dos quinquenios ás enquisas.

Intervén o profesor Jerónimo Puertas, dando apoio á reclamación dos estudantes sobre este tema das enquisas. Plantea se se poden unificar as enquisas do centro e da UDC.

Intervén a profesora Margarita Novales indicando que é un tema importante. Considera importante ter enquisas con alta participación.

Intervén Luis Romera, que ten datos de que noutros centros sen enquisas propias onde se reciben moi poucas enquisas contestadas.

Intervén a profesora Gemma Rojo, indicando que noutros centros fan as online en clase.

Intervén Luis Sotelo, indicando que este tema xa se tratou na comisión de calidade e que so podería bloquear o moodle.

Intervén o profesor Quique Peña, indicando que lle gustaría salientar algúns problemas importantes de docencia: baixa asistencia e baixa presentación aos exames. Considera que hai un ambiente de pouca asistencia e que considera que debería buscarse melloras en este aspecto.

Resposta o estudante Damián Pazos, fixéronse unha serie de propostas á dirección para mellorar o funcionamento da Escola.

Intervén o estudante Damián Pazos, indicando que as actas están sen actualizar, resposta o secretario académico indicando que se irán actualizando na web.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:50 horas do mércores 13 de decembro de 2017.

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**